

INFORMACIÓN SOBRE AS MODALIDADES DE ACCESO Á ASISTENCIA SANITARIA EN GALICIA, A PARTIR DO 1 DE SETEMBRO DE 2012.

➤ O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), e, no su caso, o Instituto Social da Marina (ISM), son os organismos competentes para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria en España, como asegurado ou beneficiario do mesmo, sendo os servizos de saúde os que acreditan ese dereito emitindo a tarxeta sanitaria.

➤ Todas as persoas residentes en Galicia que a partir do 1 de setembro de 2012 non teñan recoñecida a condición de asegurado ou beneficiario do mesmo poderán solicitar a asistencia sanitaria por algunha das modalidades que se indican seguidamente:

1.– **Como asegurado ou beneficiario, recoñecido polo INSS, ou, no seu caso, polo ISM:** da dereito á tarxeta sanitaria, á asistencia en toda España e á tarxeta sanitaria europea.

2.– **Como persoa acollida a un convenio especial:** de acordo coa normativa en desenvolvemento polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

3.– **Como persoa acollida ao *Programa galego de protección social da saúde pública*:**

- As persoas, con documentación identificativa válida e en vigor, que a partir do 1 de setembro de 2012 non teñan ou no poidan ter dereito á asistencia sanitaria polas modalidades sinaladas nos números 1 e 2, poderán solicitar a inclusión neste programa para recibir asistencia sanitaria, de acordo coas disposicións específicas para o desenvolvemento e aplicación do citado programa.
- Neste caso, prestarase a asistencia sanitaria no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, por parte do Servizo Galego de Saúde, pero non terán recoñecido o dereito no resto do Estado español nin no estranxeiro.

4.– Como persoa estranxeira non rexistrada nin autorizada como residente en España, nas situacións especiais existentes:

- De urxencia por enfermidade grave ou accidente, calquera que sexa a causa, ata a situación de alta médica.
- De asistencia ao embarazo, parto e posparto.
- Estranxeiros menores de 18 anos.

5.– Como persoa autorizada para estar en España como solicitante de protección internacional ou como vítima da trata de seres humanos en período de restablecemento e reflexión.

6.– Como “doente privado”.

➤ No caso das persoas que dispoñan de tarxeta sanitaria galega con anterioridade ao 1 de setembro de 2012 e que na actualidade non teñan recoñecida a condición de asegurados ou de beneficiarios polo INSS, ou, no seu caso, polo ISM:

- Facilitaráselles un resgardo no que consten os seus datos administrativos, xunto con esta folla informativa que recolle as modalidades polas que pode solicitar a asistencia sanitaria en Galicia.
- Con ese resgardo a persoa poderá seguir recibindo a asistencia sanitaria en Galicia, mentres realiza os trámites necesarios para o acceso por algunha das modalidades indicadas anteriormente.
- O prazo para realizar a solicitude da asistencia sanitaria en Galicia polas vías ou modalidades indicadas, **será de seis meses, a contar desde a primeira asistencia sanitaria prestada** polo Servizo Galego de Saúde desde o 1 de setembro de 2012.

- Si pasado ese prazo, a persoa non regularizou a súa situación en relación á asistencia sanitaria, por non realizar os trámites da solicitude ou aportación da documentación, ou por serlle denegada, por non cumprir os requisitos esixidos, o Servizo Galego de Saúde poderá facturar a asistencia prestada.

No caso de que o interesado requira atención sanitaria pola vía de “doente privado”, o Servizo Galego de Saúde procederá a facturar a asistencia que se preste.